

Estimadas familias:

Para os vindeiros días propoño unha serie de actividades relacionadas cos contidos curriculares:

1.- LECTURA de diferentes tipos de texto que teñades na casa: contos, poemas, noticias, banda deseñada,...

2.- Actividades de EXPRESIÓN ESCRITA:

- Partindo dun conto inventar outro cambiándolle o final, incorporando personaxes novos, mesturando personaxes de distintos contos,...

- Redacción: "EU VOU DE VIAXE A..." (unha capital europea). De xeito que contén o máis característico desa capital (monumentos, clima, gastronomía, paisaxes,...), que medio de transporte utilizarían para ir, con quen viaxarían, cantos días, onde se aloxarían,...

- Facer un pequeno proxecto de investigación sobre "AS PLANTAS" e preparalo para expoñelo oralmente na clase.

*Estes traballos poden realizalos na libreta de Ciencias Naturais (deixando unhas follas para rematar o esquema dos animais), noutra libreta que teñan ou en folios, pero sempre tendo en conta que hai que facer boa letra e presentar o traballo con orde e limpeza.

3.- ACTIVIDADES MATEMÁTICAS:

- INVENTAR PROBLEMAS que poden xurdir na vida cotiá asociados ás operacións básicas de suma, resta, multiplicación e división. Escríbilos seguindo a estrutura traballada na clase: enunciado, datos, operacións e solución.

- XOGOS MATEMÁTICOS: baralla española, oca, parchís, xogos con moedas (comprar e vender), dominó, xogo de Uno, xadrez, damas, puzzles, construcións, tangram, para traballar medidas de peso ou capacidade... e outros que poidades ter na casa.

4.- ACTIVIDADES ARTÍSTICAS:

- Inventar unha BANDA DESEÑADA (cómico) de catro a seis viñetas nun folio.

- Aprender unha CANCIÓN e inventarlle un BAILE.

- Seguindo o fío do proxecto de centro “FÁLAME QUE TE ESCOITO” na aula estamos a traballar a imaxe como unha forma de comunicación non verbal. Co fin de facer unha exposición fotográfica, o alumnado xogará a ser verdadeiros profesionais da fotografía para o cal deberán facer fotos fácilmente asociables a sentimentos ou emocións poñendo en evidencia o lema “unha imaxe vale máis que mil palabras”. Conto coa vosa benevolencia para que lles deixedes os vosos móbiles. Ditas fotos poderán traelas a escola nun pen.

Desexo que todos e todas vos atopedes ben, lamento as molestias que esta crítica situación ocasiona e agradezo de antemán a vosa colaboración imprescindible para poder levala da mellor maneira posible.

Unha aperta forte e moito ánimo!

Paula Bermúdez Mariño

Titara de 4ºB de Educación Primaria.